

* EMILIA PARDO BAZÁN (2006): *LA EDUCACIÓN DEL HOMBRE Y DE LA MUJER. LA DAMA JOVEN. MEMORIAS DE UN SOLTERÓN*, INTROD. DE MARINA MAYORAL, SANTIAGO DE COMPOSTELA, SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE E SOTELO BLANCO EDICIÓNS, (COLECCIÓN “AS LETRAS DAS MULLERES”).

No ano 2004 o Servizo Galego de Igualdade e editorial Sotelo Blanco inauguraban a colección “As letras das Mulleres”. Esta iniciativa, segundo as palabras de Pilar Rojo -Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado- nacía co dobre obxectivo de “incrementar o coñecemento e a sensibilización xeral sobre a situación historicamente desigual das mulleres na sociedade e a difusión dos froitos da súa creación literaria”.

Ata o de agora, os sete tomos publicados na colección cumpren perfectamente as expectativas, ofrecendo ao lector algunhas das grandes obras do pensamento feminista e da creación literaria feminina de tódolos tempos a través das súas protagonistas. O tomo I ábrese con *A Cidade das mulleres*, obra da que hoxe é considerada a primeira escritora profesional das letras francesas, Cristina de Pizán, quen xa no século XIV reflexionaba sobre a condición das mulleres letradas. No tomo II tradúcese ao galego un dos fitos do feminismo de tódolos tempos, a obra *Vindicación dos dereitos da muller*, de Mary Wollstonecraft. Os tomos III e IV continúan tamén coa tradución ao galego das obras *Un cuarto de seu* de Virginia Woolf e *Orgullo e Prexuízo* de Jane Austen.

Os tres últimos volumes da colección dedícanse ás tres grandes letradas galegas do século XIX: Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán e Rosalía de Castro.

O volume dedicado a Pardo Bazán, o número VI, está prologado por Marina Mayoral e inclúe o discurso “Educación del hombre y la mujer” (1892), a novela curta *La dama joven* (1885) e a novela *Memorias de un solterón* (1896). Os títulos escollidos constitúen unha breve pero acertada antoloxía que recolle as ideas de Emilia Pardo Bazán sobre a condición feminina, desenvolvidas ao longo da súa carreira tanto no terreo ensaístico como no da ficción narrativa.

Para situar ao lector ante esta selección de obras da escritora coruñesa, Marina Mayoral opta por trazar unha axeitada biografía na que salienta as vicisitudes polas que tivo que pasar Pardo Bazán para converterse na intelectual que hoxe coñecemos, tales como superar a insuficiente educación

recibida nunha escola de nenas, os problemas persoais suscitados a raíz da publicación de *La Cuestión palpitante*, ou a negativa para ingresar na Real Academia Española. Unha vez coñecida a audacia de Pardo Bazán para conquistar o seu papel de escritora nun mundo intelectual hostil, Marina Mayoral pon de manifesto as ideas pedagóxicas de dona Emilia, expostas no seu texto “La educación del hombre y de la mujer”, discurso lido no Congreso Pedagógico Luso-Hispano-Americano, celebrado en Madrid en outubro 1892 e publicado logo en *Nuevo Teatro Crítico*. Mayoral tamén analiza a crítica ao papel da muller na sociedade que subxace á súa novela curta *La dama joven*, e a caracterización de Feíta Neira, protagonista de *Memorias de un solterón*, que encarna ao prototipo da nova muller que Pardo Bazán propoñía.

O estudio preliminar de Marina Mayoral convértese deste xeito, nunca acertada guía para enfrontarmos ás reivindicacións sobre a muller que Pardo Bazán expuxo e gracias ás cales se converteu nunha referencia indiscutible dentro do panorama das reivindicacións femininas de tódolos tempos. Proba disto, é o ben merecido lugar das súas obras dentro da colección “As letras das mulleres”, que tanto se asemella a aqueloutra colección, “La Biblioteca de la Mujer”, que a propia Pardo Bazán proxectara hai máis dun século, con obxectivos (salvando as distancias temporais) bastante achegados aos que agora persegue o Servizo Galego de Igualdade.

Patricia Carballal Miñán